

NUMERAIS E INDEFINIDOS



Clasifica as palabras destacadas segundo sexan numerais ou indefinidos.


Un coziñeiro afeccionado

Hai **algúns** meses pedínlle á avoa que me explicase como fai a bica. Díxome que cómpren **poucos** ingredientes: **catro** ovos, **catrocentos** gramos de fariña e outro tanto de azucre. Ademais, necesitamos **douscentos** mililitros de nata **líquida** e douscentos de manteiga. Despois de **bater todo** isto, botámolo nun recipiente **longo**, cun pouco de azucre **por riba** para que faga costra. Poñémolo ao forno **corenta** minutos a **cento oitenta** graos. Ao comezo a bica non me saía ben, pero despois de **varios** intentos xa me sae mellor. Mais **ningunha** vez me saíu coma a da avoa. Será porque ela mide as cantidades e eu fágoo a ollo...

numerais

indefinidos

Aquí tes a liña de saída dunha carreira de Fórmula 1. Cubre o texto cos numerais ordinais correspondentes.



Fernando Alonso será o _____ na liña de saída do Gran Premio do Brasil.

Seguirao Massa, que sairá desde a _____ posición. Na _____ posición atopamos o McLaren de Hamilton, que aspira a obter o campionato nesta carreira.

O _____ é Raikkonen e, nun sorprendente _____ lugar, atopamos a Adrián Sutil.

Fai clic nos indefinidos:

- Non hai ningún ovo na neveira.
- Tes que escoller outro conto.
- Podes coller unha toalla calquera.
- Hai bastantes pratos na lavalouza.
- Onte non veu ninguén á casa.